

## ***XUBILACIÓN DE D. MIGUEL***

Parada de Outeiro, 10 de febreiro de 2018

### **1.-Presentación do acto:**

Estamos aquí reunidos para a celebración dunha Eucaristía como acto de despedida e agradecemento ao noso cura, D. Miguel.

En representación da freguesía, veciños e veciñas da parroquia de Parada de Outeiro aquí presentes e dos que non poden estar fisicamente pero están de corazón e pensamento, e tamén dos da parroquia de Coedo que nos acompañan, quero poñer enriba do altar como unha ofrenda nesta Eucaristía un cartafol coas memorias de máis de 48 anos de presenza de D. Miguel entre nós; un cartafol onde bule unha inmensa morea de recordos, de vivencias, de fatigas e suores, de alegrías e tristezas compartidas, de traballos cincelados con mans artesáns, de despedidas e adeuses de tantos seres queridos que ao longo destes anos nos foron deixando para sempre.

Pero neste cartafol quedan vivas as ensinanzas que D. Miguel nos inculcou: a ter fe nun mundo mellor e máis xusto, a amar aos demais, a ser solidarios, a compartir sorrisos, a tender a man a quen o necesita, a ser mellores persoas e cristiáns comprometidos coa nosa fe

Esta é una xuntanza de amor.

(Sabela)

## Texto de despedida:

Cando despedimos a alguén sempre nos invade a nostalxia e a tristeza porque perdemos algo que se vai. Pero, D. Miguel, vostede quédase entre nós. Esta é a súa parroquia, esta é a súa xente e para nós sempre será “ O Noso Cura” e no noso corazón hai un oco moi grande reservado para vostede.

A súa presenza foi un regalo.

Expresar en poucas palabras a dedicación á súa parroquia durante tantos anos é imposible e unha pretensión inútil, pero si que vou destacar algunhas cousas que marcaron e definiron o seu labor coma un cura comprometido que deixou entre nós sucos de labranza cheos de boas sementes.

Destacar o seu desexo, empeño, tesón e determinación por conservar e rehabilitar a Igrexa Parroquial, os retablos, as imaxes, a capela da Santa Marta, a capela de San Xoán en Laioso, a casa rectoral.

Loar a súa valentía polo emprego da lingua galega na misa recén chegado á parroquia (Deus tamén reza en galego) e darnos a entender que tiñamos unha Terra cun idioma ben fermoso no que podíamos cantar, e ler, e rezar... e comunicarnos.

Así “O Chabolo” foi, daquela, o lugar de encontro dunha mocidade chea de ilusións por cambiar as cousas, dispostos a defender a Nosa Terra, a súa fala, de poñer en valor as súas tradicións e a súa cultura. E cantamos poemas de Rosalía e lemos a Curros Enríquez, a Castelao....

A maioría dos que estamos aquí sabemos o que significa a expresión “ dar o vincallo”: era para atar as gavelas. Así quixo vostede vencellar, atar os esforzos de homes e mulleres que traballaban no campo para mellorar a súa situación. E naceu a cooperativa Vincallo e tamén se crea un CDR (Centro de Desenvolvemento Rural) . Cantas mans tecendo nos fíos e entramados, dobrando vimbios e vergas, delubando ou fiando no liño...!

No recuerdo quedan os traballos no Agro e na Silvela, os magostos, as festas, as excursións, as misas e as romaxes, as cantigas, a súa voz garimosa e sosegada, ese aire novo na celebración de Eucaristía.

A vida está feita de comezos e finais. Acábase esta etapa pero comeza outra.

D. Miguel, no encerado da súa vida aínda queda sitio para escribir, fágao.

Agradecemoslle que nos mostrase sempre cal había ser a nosa prioridade na vida: amar aos demais, compartir, axudar, vivir coma cristiáns comprometidos.

Que nos recorde con cariño coma nós a vostede e que Deus nos acompañe.

Moitas grazas, D. Miguel.

(Sabela)

## **Texto de despedida da parroquia de Coedo**

*Os feligreses, veciños e veciñas de Coedo, queremos darlle ,de todo corazón, as gracias a D. Miguel pola súa entrega e dedicación á parroquia de Coedo, durante tantos anos.*

*Gracias a vostede tivemos a oportunidade de participar en moitas actividades que fixeron a nosa vida diaria máis levadeira.*

*Gracias por ternos ensinado a vivir segundo o evanxeo e a fe Cristián: amar aos demais, axudarnos, ser humildes e xenerosos.*

*Nunca olvidaremos telo presente nas nosas oracións para que Deus lle dea saúde nesta nova etapa que comeza.*

*Gracias D. Miguel.*

*( Irene)*